

Carta Europea de Información Xuvenil

Aprobada en Cascais (Portugal) o 27 de abril 2018 pola 29ª Asemblea Xeral da Axencia Europea de Información e Asesoramento Xuvenil (ERYICA)

www.eryica.org

Preámbulo

Vivimos en sociedades complexas e dixitalizadas e nun mundo interconectado que ofrece moitos retos e oportunidades. O acceso á información, así como a capacidade de analizala e utilizala, son cada vez máis importantes para a mocidade europea e doutros continentes. A información xuvenil axuda aos mozos para lograr as súas aspiracións e fomenta a súa participación como membros activos da sociedade. A información ha de proporcionarse de modo que amplíe as oportunidades dispoñibles para a xente nova e fomente a súa autonomía e a súa capacidade de pensar e actuar por si mesma.

O respecto á democracia, aos dereitos humanos e ás liberdades fundamentais implica o dereito de todos os mozos a acceder a unha información completa, obxectiva, comprensible e fiable en relación a todas as súas inquietudes e necesidades. Este dereito á información foi recoñecido na Declaración Universal dos Dereitos Humanos, na Convención sobre os Dereitos do Neno, na Convención Europea para a protección dos Dereitos Humanos e Liberdades Fundamentais, e nas Recomendacións Nº(90) 7, CM/ Rec (2016) 7 do Consello de Europa, relativas á información e asesoramento xuvenil e ao acceso dos mozos aos seus dereitos, o que constitúe a base das actividades relacionadas coa información xuvenil levadas a cabo pola Unión Europea.

A información xuvenil de carácter xeneralista abarca todos os temas de interese para a xente nova, e é susceptible de incluír un amplo abanico de actividades: información, asesoramento, apoio, orientación, formación, actividades entre iguais, traballo en rede e derivación a servizos especializados, co fin de implicar e empoderar á mocidade. Estas actividades poden ser levadas a cabo por centros de información xuvenil ou a través de servizos de información xuvenil noutras estruturas e contornas.

Os principios desta Carta pretenden ser de aplicación a calquera labor de información xuvenil de carácter xeneralista. E, á súa vez, establecen a base duns estándares mínimos e indicadores de calidade que han de ser aplicados en cada Estado, sendo elementos dunha estratexia de información xuvenil global, coherente, coordinada e cos recursos necesarios. A información xuvenil constitúe unha parte fundamental de calquera política de mocidade.

Principios

1. INDEPENDENTE

1.1 A información ofrecida é completa, proporciona as diferentes opcións dispoñibles e está baseada en fontes plurais e verificadas.

1.2 A información facilitada é independente e está exenta de calquera influencia relixiosa, política, ideolóxica ou comercial.

1.3 As fontes de financiamento dos servizos de información xuvenil non deben comprometer a aplicación de ningún dos principios desta Carta.

2. ACCESIBLE

2.1 Os servizos de información xuvenil garanten a igualdade de acceso.

2.2 Os centros e servizos de información xuvenil son de fácil acceso, atractivos e visibles para a xente nova.

2.3 A información xuvenil é comprensible para a xente nova.

3. INCLUSIVA

3.1 Os servizos de información xuvenil están abertos a toda a poboación nova sen ningún tipo de discriminación.

3.2 Os servizos de información xuvenil son gratuítos para toda a xente nova.

3.3 Os centros e servizos de información xuvenil esfórzanse por chegar a toda a poboación nova, por medios que sexan eficaces e apropiados para diferentes grupos e necesidades.

4. BASEADA NAS NECESIDADES

4.1 Os servizos de información xuvenil baséanse nas necesidades da xente nova.

4.2 A información dispoñible abarca todos os temas que incumben á mocidade.

4.3 Cada mozo é respectado como individuo e a resposta a cada pregunta personalízase de forma eficaz e apropiada.

4.4 As estruturas de información xuvenil están dotadas cos recursos humanos adecuados para garantir orientación e servizos personalizados.

5. EMPODERADORA

5.1 Os servizos de información xuvenil empoderan á xente nova inspirándoa a pensar e a actuar por si mesma e fomentando a súa autonomía.

5.2 Os servizos de información xuvenil proporcionan á mocidade competencias en materia de información e medios de comunicación para que actúen de maneira segura e responsable.

5.3 Os servizos de información xuvenil promoven a cidadanía activa e a participación.

6. PARTICIPATIVA

6.1 A xente nova participa na produción, difusión e avaliación da información xuvenil en diferentes niveis e de distintas formas.

6.2 Os servizos de información xuvenil serven de plataforma para actividades entre iguais.

6.3 Os servizos de información xuvenil animan á xente nova a dar a súa opinión para contribuír así á mellora continua dos servizos.

7. ÉTICA

7.1 Os servizos de información xuvenil respectan a privacidade, a confidencialidade e o dereito ao anonimato dos mozos, e proporcionanlles unha contorna segura.

7.2 Os criterios para seleccionar a información son públicos e comprensibles. O autor e o propósito da información son claros e visibles.

7.3 Toda información producida e/ou difundida é precisa, completa, actualizada e verificada.

8. PROFESIONAL

8.1 Os servizos de información xuvenil contan con persoal cualificado.

8.2 Os informadores xuvenís teñen as competencias necesarias en materia de información e medios de comunicación.

8.3 Os servizos de información xuvenil colaboran con outras partes interesadas co fin de identificar necesidades e sinerxias, compartir experiencias e facer visible a información xuvenil.

8.4 Os informadores xuvenís colaboran a nivel local, rexional, nacional, europeo e internacional e comparten boas prácticas e coñecementos.

8.5 Os informadores xuvenís velan para que a xente nova adquira os coñecementos e competencias necesarias para a utilización de servizos dixitais.

9. PROACTIVA

9.1 Os servizos de información xuvenil son innovadores na elección de estratexias, métodos e ferramentas para chegar á xente nova.

9.2 Os informadores xuvenís están ao día de calquera novidade e modificación legislativa relevante, e coñecen as tendencias que priman entre a poboación nova.

9.3 Os informadores xuvenís desempeñan un papel proactivo no uso de novos medios de comunicación e información co fin de garantir a visibilidade da información xuvenil.